



AS MULLERES DA CONSERVA
Toda unha vida nas súas mans



ROSARIO GONZÁLEZ QUINTAS (CHARO)

Nace o 18 de novembro de 1963 en Vilaza, Gondomar. Comezou a traballar na empresa Bernardo Alfageme S.A. en 1979 con 14 anos, ao principio como pinche desempeñando moitas e diferentes tarefas propias das prantas productoras de conservas de peixe. Limpaban sardiña, atún, polbo,...emparrillaban, empacaban e rebaixaban coas máquinas pechadoras. Pouco a pouco foron ascendendo de categoría laboral: auxiliar, oficiala de segunda e de primeira. Charo fixo parte da súa vida alí, casouse e tivo dous fillos. Nos anos 80 a estabilidade do contrato fixo e o cambio a xornada intensiva (7:00 a 15:00) facilitou a conciliación familiar e laboral, tanto a Charo como a outras moitas traballadoras de Alfageme. Os peores momentos chegaron co cerre en 2010.

CELSA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

Nace o 26 de novembro de 1948 en Salceda de Caselas. Entra na empresa cun contrato de aprendizaxe o 2 de marzo de 1965 para traballar en almacén. En 1970 mellora as súas condicións laborais pasando a un contrato fixo continuo. As esixencias para pasar a fixa era ter acreditado un promedio superior a 250 días de salario anuais durante 5 anos seguidos. Celsa destaca a época baixo a dirección de Braulio Alfageme de la Riva e a boa calidade das conservas que comprende dende os anos sesenta ata o pasamento prematuro de Braulio a principios dos anos noventa. O marido de Celsa era mariñeiro e a conciliación non era sinxela no fogar cando estaba na marea, pero para ela a independencia que lle daba o seu traballo en Alfageme estaba por riba de outras consideracións.

ANGELINA RODRÍGUEZ BASTOS

Nace o 26 de maio de 1956 en Lavadores, Vigo. Comeza en Alfageme o 9 de marzo de 1971 como pinche, despois como auxiliar, oficiala de segunda en 1983 e de primeira en 1989. Ao igual que Charo, desempeñou tarefas de limpeza, empaque e todas aquelas relacionadas coa elaboración das conservas de peixe e marisco. Para Angelina, traballar en Alfageme, significou un bo soldo, boas condicións laborais (primas, uniformes adecuados,...) a pesar do duro traballo cando tocaban veladas ata as 10 da noite.

MARÍA FILOMENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Nace o 19 de febreiro de 1934 en Montamarta, Zamora. A súa familia tiña unha confitaría pero a despoboación de aqueles anos a leva a ela e o seu marido a vir ata Vigo na procura de traballo. Foron á fábrica por un anuncio na prensa e María entrou en Alfageme no ano 1965 xubilándose en 1997. A súa primeira tarefa foi no almacén pero despois dun ano pasou a ser telefonista. Así comezou a súa andaina como persoal administrativo, primeiro como auxiliar, oficiala de segunda e de primeira. A conciliación laboral, como para a maioría das súas compañeiras, quedaba nas más das avoas e familiares.

M^a CARMEN TELLADO GONZÁLEZ

Nace en 1971 en Mos. Filla e neta de traballadoras de Alfageme, cuestión da que fai gala, comeza a traballar na empresa en 2003 ata o final en 2010. A súa vida laboral desenvólvese cando a familia Alfageme vende a empresa a PROMALAR. O seu contrato foi cunha empresa externa, en horario nocturno (22:00 a 6:00h) que soamente facían as traballadoras temporais. As fixas mantiñan o horario diurno e as fixas-discontinuas de mañán e tarde. Destaca a maxestuosidade das instalacións e a colaboración coas compañeiras.

M^o CARMEN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Nace o 1 de agosto de 1950 en Mos. Toda unha vida traballando nas fábricas de conservas de Vigo, primeiro en Curbera no Arenal como empacadora, despois en Reyman, CIASA, Thenasie Provoté,...A Alfageme chega en 1995 como auxiliar de máquina de empaque, logrando un contrato de empregada fixa-discontinua. Mari Carmen, como todas, sinte orgullo polo seu traballo pero especialmente valora un momento por riba de todos: cantar ás súas compañeiras nas xornadas de traballo e que elas lle solicitaran as cancións.

CARMEN VIDAL GONZÁLEZ E FLORA COMESAÑA GONZÁLEZ

Ambas son curmás, Carmen nacida o 7 de outubro de 1950 e Flora en 1945 en Chandebrito (Vigo). Traballaron para a empresa *Justo López Valcárcel* cando estaba en Alcobre. Comparten experiencias, comezan moi xoves a traballar e desenvolven toda a súa vida laboral nesta empresa. Flora comezou na fábrica de Floro González en Canido, onde tamén se fixeron cargo da súa seguridade social. No comezo ían camiñando 13 km dende a súa casa en Chandebrito ata a praia de Alcobre baixo a luz dun candil. Máis tarde, aproveitaban o autobús dos obreiros que ían ao estaleiro de Barreras. As dúas curmás traballaron con tesón e chegaron a ser encargadas de sección, é dicir, as que distribuían o traballo das demais obreiras. A súa vida foi de traballo intenso, non só na fábrica, senón tamén no fogar, no campo e cos animais, feito que daquela era moi habitual.

Vigo, cidade industrial que xurdiu do tirón
das súas fábricas de conservas, sostidas
polas obreiras da sardiña.

#incansables #loitadoras #traballadoras
#amables # humildes #SonSereas



Fundación El Financiero de Pontevedra
de Pontevedra, AGL 800

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Año da
música